

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

2005

*INFORME SOBRE OS ORZAMENTOS
DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS*



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA

**INFORME DOS ORZAMENTOS DO 2004 DAS
DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS**

ÍNDICE

ÍNDICE:

PRESENTACIÓN	5
1. INFORME DOS ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DE 2004: A SÚA COMPARACIÓN COS ORZAMENTOS DE 2003.....	8
1.1. INGRESOS	8
1.2. GASTOS.....	26
1.3. AFORRO PÚBLICO E CARGA FINANCEIRA	41
ANEXO:	45
A ORIXE E A APLICACIÓN DOS FONDOS	45
VARIABLES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL	45
2. EVOLUCIÓN DOS ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS NO PERÍODO 1999-2004.	50
2.1. INGRESOS TOTAIS.....	50
2.2. GASTOS DE PERSOAL.....	52
2.3. INVESTIMENTOS.	54
2.4. CARGA FINANCEIRA	56
2.5. AFORRO NETO.	58
2.6. INGRESOS TRIBUTARIOS.....	60

PRESENTACIÓN

PRESENTACIÓN

O presente informe que acompaña ós Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005 achega datos dos orzamentos iniciais das catro deputacións provinciais galegas do ano 2004, de acordo coa Disposición adicional terceira do Estatuto de Autonomía que establece que os orzamentos das deputacións provinciais galegas uniranse ós da Xunta, dentro do marco xeral de coordinación coas administracións locais de Galicia.

Os orzamentos aquí analizados, 2004, xa reflicten os primeiros resultados na composición de ingresos destas facendas provinciais, coas primeiras manifestacións dos reequilibrios da estrutura dos recursos cos que se conta como resultados das novidades lexislativas que nesta materia están en vigor.

Este informe consta de dúas partes: a primeira aborda o estudo dos orzamentos de 2004 comparándoos cos de 2003 de acordo coa clasificación económica coa agregación a nivel de capítulos, e inclúe a análise de dúas variables presupostarias de especial significación como son o aforro público máis a carga financeira.

Nunha segunda parte, analízase a evolución recente dos orzamentos iniciais das deputacións. O período analizado abarca desde 1999 ata 2004.

Santiago de Compostela, setembro de 2004

A documentación orzamentaria analizada referida ó ano 2004 é a seguinte:

DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Orzamento da Deputación provincial

DEPUTACIÓN DE LUGO. Orzamento consolidado que contén:

Orzamento da propia Deputación provincial

Orzamento do Instituto lucense de desenvolvemento económico e social (INLUDES)

Orzamento da Sociedade Urbanística Provincial.

DEPUTACIÓN DE OURENSE. Orzamento consolidado que contén:

Orzamento da propia Deputación provincial

Orzamento do Instituto ourensán de desenvolvemento económico (INORDE)

Orzamento do Padroado provincial de Turismo.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. Orzamento consolidado:

Orzamento da Deputación provincial

Orzamento do Museo provincial

Orzamento da Escola Universitaria de Enfermería

Orzamento do Centro de formación profesional “Fogar provincial”

Orzamento da Escola de Canteiros

Orzamento do Padroado de Turismo “Rías Baixas”

Orzamento da Caixa de anticipos de cooperación

Orzamento de Xestión de recursos das entidades locais (ORAL).

Os datos de poboación utilizados no informe son os que publicou o Instituto Galego de Estatística, relativos ó Padrón de habitantes de Galicia o 1 de xaneiro de 2003.

**INFORME DOS ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS
PROVINCIAIS DE 2004: A SÚA COMPARACIÓN COS
ORZAMENTOS DE 2003**

1. INFORME DOS ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DE 2004: A SÚA COMPARACIÓN COS ORZAMENTOS DE 2003.

1.1. INGRESOS

A Lei 51/2002, de 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e o Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, supón un cambio significativo nos recursos cos que contan as entidades locais para o seu funcionamento, tanto nos correspondentes ós concellos como ós recursos das entidades locais obxecto desta memoria: as provincias. Esta lei introduce importantes modificacións no marco do financiamento local, tanto desde o punto de vista estritamente tributario como polo que afecta ó ámbito financeiro. No caso das deputacións provinciais, no artigo 124 trata dos recargos das provincias, facendo referencia á potestade de establecer un recargo sobre o Imposto de actividades económicas, que consistirá nunha porcentaxe única que recaerá sobre as cotas mínimas e o seu tipo non poderá ser superior ó 40%.

O Imposto de actividades económicas, igual cás outras figuras tributarias dos concellos é substancialmente modificado por esta lei, sobre todo no tocante a eximir do pagamento á maior parte dos pequenos e medianos negocios, e as persoas físicas que inicien a súa actividade nos dous primeiros anos desta, o que inflúe significativamente no importe do recargo provincial, que constitúe o capítulo I dos seus ingresos orzamentarios.

Tamén nesta lei se introduce unha profunda reforma no modelo de participación nos tributos do Estado, plasmada no Título III, Capítulo III, baseado principalmente na cesión da recadación líquida do Imposto da renda sobre as persoas físicas, do Imposto sobre o valor engadido imputable a cada provincia e de determinados Impostos especiais, desenvolvido nos artigos 125 a 127.

No ámbito lexislativo que rexe a confección dos orzamentos das administracións públicas é preciso subliñar que a Lei 18/2001, de 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, que segundo o seu articulado ten por obxecto o establecemento dos principios reitores ós que deberá adecuarse a política

orxamentaria do sector público, establece que a elaboración, aprobación e execución dos orxamentos realizarase de acordo cos principios derivados do Pacto de estabilidade e crecemento: principio de plurianualidade, principio de transparencia e principio de eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos cara á consecución da existencia do equilibrio orxamentario, que será avaliado de acordo coas normas do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC), e que na súa disposición adicional única, modifica os artigos 54 e 146 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, que se refiren ó outorgamento da autorización de operacións de préstamo e ó contido do orxamento, polo que o apartado 1 do artigo 146 da lei 39/1988, queda nos seguintes termos:

“O Orzamento xeral atenderá ó cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei 18/2001, xeral de estabilidade orxamentaria e conterá para cada un dos orxamentos que nel se integren:

Os estados de gastos, nos que se incluírán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender o cumprimento das obrigas.

Os estados de ingresos, nos que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos que se liquidarán no exercicio.

Así mesmo, incluírá as Bases de execución, que conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orxamentaria á organización e circunstancias da propia entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo todas as prevencións que se consideren oportunas ou convenientes para unha mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativa que requiran legalmente procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto para o orzamento”.


Esta Lei de estabilidade entrou en vigor o día 1 de xaneiro de 2002 e xa foi aplicable nos orxamentos que se elaboraron a partir desa data, polo que nos orxamentos obxecto da análise desta memoria deberá xa observarse o cumprimento da citada Lei de estabilidade.

Nesta memoria analízanse os orxamentos consolidados, que son os resultantes da agregación do orzamento da propia Deputación máis os orxamentos dos Organismos autónomos dependentes delas, descontando as operacións internas, isto é, as transferencias entre Deputación e Organismo. Na actualidade a Deputación da Coruña é a única que non require da operación de consolidación, xa que non ten OO.AA.

A suma dos orzamentos consolidados das catro deputacións ascende a 465.557.840 euros , que supón un incremento de 49.743.793 euros, o 12% máis ca no 2003. Na composición do gasto provincial, obsérvase que A Coruña segue a presentar o orzamento de maior contía, sendo case o dobre que o de Ourense, representando o 34,2% e o 17% respectivamente no conxunto do orzamento das catro deputacións situándose a de Pontevedra en segundo lugar na prelación de volume orzamentario, co 26,9% do total, seguida da de Lugo co 21,9%.

Esta proporción de recursos cos que contan as facendas provinciais de Galicia reflíctese no gráfico adxunto.

Gráfico nº 1



A deputación que reflicte maior incremento porcentual é a de Lugo, cun crecemento porcentual respecto do orzamento de 2003 do 27,8%, debido á forte apelación ó crédito externo que consigna neste orzamento consolidado, provocando que os seus ingresos por operacións de capital experimenten un espectacular crecemento (128,3%). Débese destacar que na consolidación figura por primeira vez o orzamento da nova sociedade anónima, Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, que foi constituída en 2003 por acordo de 31 de marzo de 2003. Terá como obxecto social a realización de actividades ligadas á ordenación do territorio, medio ambiente, á intervención no mercado do solo e na edificación; así como a súa xestión, investigación, desenvolvemento e promoción, e á colaboración coas entidades públicas e privadas para a xestión e desenvolvemento urbanístico da provincia de Lugo. A acusada diferenza no orzamento consolidado débese á financiación allea por préstamo a longo prazo de 22.928.957 euros, que terán como finalidade a adquisición

de solo para a Cidade do Transporte, Parque periurbano de Ponte Romai, desenvolvemento do SAU 2 e ampliación e accesos do Parque Paradai.

O orzamento da deputación da Coruña tamén aumenta respecto ó 2003, neste caso nun 9,1%, aínda que neste caso o incremento interanual débese en maior medida ós seus recursos de natureza corrente; un similar incremento é o que presenta o orzamento da de Pontevedra, neste caso debido ás operacións de capital. O orzamento da Deputación de Ourense é o que presenta o menor crecemento interanual cun 5,3%, máis acusado nos seus ingresos por operacións correntes.

Nos cadros nº 1 ó 5, ambos os dous incluídos, recóllense os orzamentos de ingresos de cada deputación e o resultante global das catro, xunto cos gráficos correspondentes, que expresan a proporción de cada un dos capítulos de ingresos sobre o total, para os dous exercicios 2004 e 2003.

A continuación descríbese, de xeito resumido, a composición das fontes de recursos ou de ingresos das deputacións e do total deputacións, segundo a estrutura de agregados intermedios (ingresos de natureza corrente e de capital), presentando a continuación a semblanza de cada ítem ou capítulo da clasificación económica.

A estrutura en grandes agregados no orzamento resultante do conxunto das catro deputacións reflicte que o 80,7% dos seus recursos corresponden a operacións correntes, e o 19,3% restante ós recursos de capital e financeiros. Nos orzamentos das catro deputacións provinciais presenta maior peso relativo o agregado de ingresos por operacións correntes có agregado de ingresos por operacións de capital. A Deputación da Coruña é a que presenta o maior peso porcentual dos ingresos correntes cunha porcentaxe do 87% sobre o seu total debido, sobre todo, á importante presenza do seu capítulo IV de transferencias correntes, cun acusado incremento interanual.

A Deputación de Lugo é a que presenta o menor peso porcentual dos seus ingresos de natureza corrente, representando o 65,3%, e sendo os de capital o 34,7% restante. O orzamento da Deputación de Ourense figura cunha porcentaxe do 82,4% de ingresos de natureza corrente, similar ó orzamento da de Pontevedra co 84,1%.

O agregado de **INGRESOS POR OPERACIÓNS CORRENTES** aumentou para o total deputacións nun 6,8% respecto do ano anterior, observándose que nas catro deputacións se reflicten incrementos interanuais do seu agregado intermedio de

ingresos correntes e, ó mesmo tempo, pódese dicir que os ingresos correntes crecen máis cóos de capital nos orzamentos da Coruña e Lugo, mentres que nos orzamentos das outras dúas corporacións provinciais aumentan, en maior proporción, os de capital. O maior incremento do agregado de ingresos correntes preséntase no orzamento da Deputación da Coruña, que supera o 10%; mentres que o orzamento das restantes provincias presenta incrementos en torno ó 5%. Este feito débese destacar, xa que o peso do Capítulo I Impostos directos é menor nesta anualidade debido á entrada en vigor da nova lexislación local no tocante sobre todo ó Imposto de actividades económicas, cunha significativa repercusión nas facendas provinciais, observándose nos casos de A Coruña e Ourense que a perda no capítulo I vén compensada cun incremento do capítulo IV de transferencias correntes.

Na actualidade a estrutura de ingresos correntes das corporacións provinciais variou significativamente respecto ó ano anterior, aínda que non se pode inferir un resultado igual entre as catro deputacións, compensando a diminución dos Impostos directos de dous xeitos: incrementando o consignado que se vai recibir polas transferencias, principalmente polas de natureza corrente, e cunha maior apelación ó crédito externo.

Como xa se está a entrever no eido do agregado de recursos de natureza corrente, as **Transferencias correntes** (capítulo IV) que para o orzamento suma das catro deputacións se incrementaron nun 9,7% respecto a 2003 e supoñen o 71,8% do total de recursos do conxunto das catro deputacións para o orzamento de 2004, expresa o grao de dependencia destas facendas respecto á Administración do Estado principalmente, e manifesta unha menor autonomía financeira ca na anterior lexislación.

O peso porcentual na estrutura de ingresos do capítulo IV oscila entre o 53,9% da Deputación de Lugo, que segue a presentar o peso máis baixo (neste caso, debido, ademais, á creación dunha nova sociedade pública no seu capítulo IX), e o 80% da de Ourense, presentando a da Coruña un forte incremento tanto interanual como no peso relativo deste capítulo, cun importe en 2004 dun 15,2% máis có de 2003 e un peso relativo de 78,5%, o orzamento da de Pontevedra presenta un moderado incremento interanual (4,5%) aínda que perde peso relativo na estrutura de ingresos, pasando do 75,9% en 2003 ó 72,8% de porcentaxe das transferencias correntes respecto ó total de ingresos.

O capítulo I, **Impostos directos**, o que padeceu en maior medida a diminución derivada da nova lexislación, presenta soamente unha contía de 13.893.582 euros e

un peso porcentual do 3% na estrutura de ingresos do orzamento suma dos das catro corporacións provinciais , acusando un descenso interanual do 32%.

Nas catro deputacións o peso relativo deste capítulo na composición dos ingresos das mesmas diminuíu, pasando do 4,4% ó 2,1% na Coruña, e varía do 6% ó 3,7% en Lugo e do 3,9% en Ourense ó 0,6%, aínda que o orzamento da Deputación de Pontevedra non acusa esta diminución no capítulo I, xa que aumenta nun 1,6% respecto ó importe consignado por impostos directos no orzamento inicial de 2003, e presenta un peso relativo na estrutura de ingresos similar nas dúas anualidades amosadas.

Cadro n° 1


TOTAL DEPUTACIÓNS

ORZAMENTO DE INGRESOS

(Euros)

CAPITULOS	2003		Increm. % Interanual	2004	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Impostos Directos	20.386.568,80	4,90	-31,85	13.893.582,31	2,98
III. Taxas e Outros ingresos	17.199.955,08	4,14	6,68	18.348.486,54	3,94
IV. Transferencias Correntes	304.839.259,80	73,31	9,67	334.317.114,40	71,81
V. Ingresos Patrimoniais	9.261.493,42	2,23	-3,30	8.956.104,84	1,92
Total Operacións Correntes	351.687.277,10	84,58	6,78	375.515.288,09	80,66
VI. Alleamento Investimentos Reais	1.957.528,03	0,47	-27,35	1.422.158,03	0,31
VII. Transferencias de Capital	44.544.428,78	10,71	12,62	50.165.879,15	10,78
VIII. Variación Activos Financeiros	2.223.476,05	0,53	7,78	2.396.416,17	0,51
IX. Variación Pasivos Financeiros	15.401.337,41	3,70	134,12	36.058.098,64	7,75
Total Operacións de Capital	64.126.770,27	15,42	40,41	90.042.551,99	19,34
TOTAL INGRESOS	415.814.047,37	100,00	11,96	465.557.840,08	100,00

Gráfico n° 2




Cadro nº 2

DEPUTACIÓN DA CORUÑA
ORZAMENTO DE INGRESOS

(Euros)

CAPITULOS	2003		Increm. % Interanual	2004	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Impostos Directos	6.429.285,00	4,40	-48,14	3.334.370,00	2,09
III. Taxas e Outros ingresos	5.271.150,00	3,61	11,23	5.863.005,00	3,68
IV. Transferencias Correntes	108.531.448,00	74,27	15,22	125.052.952,00	78,46
V. Ingresos Patrimoniais	5.314.265,00	3,64	-18,56	4.328.100,00	2,72
Total Operacións Correntes	125.546.148,00	85,91	10,38	138.578.427,00	86,95
VI. Alleamento Investimentos Reais	1.861.275,00	1,27	-28,75	1.326.105,00	0,83
VII. Transferencias de Capital	9.590.577,00	6,56	12,84	10.822.168,00	6,79
VIII. Variación Activos Financeiros	540.910,00	0,37	1,68	550.000,00	0,35
IX. Variación Pasivos Financeiros	8.598.090,00	5,88	-5,79	8.100.000,00	5,08
Total Operacións de Capital	20.590.852,00	14,09	1,01	20.798.273,00	13,05
TOTAL INGRESOS	146.137.000,00	100,00	9,06	159.376.700,00	100,00

Gráfico nº 3




Cadro nº 3

DEPUTACIÓN DE LUGO
ORZAMENTO DE INGRESOS

(Euros)

CAPITULOS	2003		Increm. % Interanual	2004	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Impuestos Directos	4.810.749,61	6,03	-21,86	3.759.212,31	3,69
III. Taxas e Outros ingresos	6.084.877,49	7,63	8,50	6.601.866,54	6,47
IV. Transferencias Correntes	51.897.065,39	65,06	5,89	54.953.721,43	53,89
V. Ingresos Patrimoniais	1.469.222,42	1,84	-13,39	1.272.549,84	1,25
Total Operacións Correntes	64.261.914,91	80,56	3,62	66.587.350,12	65,30
VI. Alleamento Investimentos Reais	91.000,00	0,11	0,00	91.000,00	0,09
VII. Transferencias de Capital	11.406.928,18	14,30	5,43	12.026.041,48	11,79
VIII. Variación Activos Financeiros	336.516,05	0,42	1,79	342.526,17	0,34
IX. Variación Pasivos Financeiros	3.670.000,00	4,60	-	22.928.957,00	22,48
Total Operacións de Capital	15.504.444,23	19,44	128,25	35.388.524,65	34,70
TOTAL INGRESOS	79.766.359,14	100,00	27,84	101.975.874,77	100,00

Gráfico nº4




DEPUTACIÓN DE OURENSE
ORZAMENTO DE INGRESOS

(Euros)

CAPITULOS	2003		Increm. % Interanual	2004	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Impuestos Directos	2.946.534,19	3,93	-83,03	500.000,00	0,63
III. Taxas e Outros ingresos	957.313,59	1,28	6,32	1.017.830,00	1,29
IV. Transferencias Correntes	57.282.972,41	76,31	10,46	63.274.587,97	80,01
V. Ingresos Patrimoniais	343.830,00	0,46	9,34	375.930,00	0,48
Total Operacións Correntes	61.530.650,19	81,97	5,91	65.168.347,97	82,41
VI. Alleamento Investimentos Reais	1.803,03	0,00	0,00	1.803,03	0,00
VII. Transferencias de Capital	10.248.002,60	13,65	5,81	10.843.642,67	13,71
VIII. Variación Activos Financeiros	150.000,00	0,20	0,00	150.000,00	0,19
IX. Variación Pasivos Financeiros	3.133.247,41	4,17	-6,83	2.919.141,64	3,69
Total Operacións de Capital	13.533.053,04	18,03	2,82	13.914.587,34	17,59
TOTAL INGRESOS	75.063.703,23	100,00	5,35	79.082.935,31	100,00

Gráfico nº5




Cadro nº 5

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
ORZAMENTO DE INGRESOS

(Euros)

CAPITULOS	2003		Increm. % Interanual	2004	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Impuestos Directos	6.200.000,00	5,40	1,61	6.300.000,00	5,04
III. Taxas e Outros ingresos	4.886.614,00	4,25	-0,43	4.865.785,00	3,89
IV. Transferencias Correntes	87.127.774,00	75,86	4,49	91.035.853,00	72,76
V. Ingresos Patrimoniais	2.134.176,00	1,86	39,61	2.979.525,00	2,38
Total Operacións Correntes	100.348.564,00	87,38	4,82	105.181.163,00	84,06
VI. Alleamento Investimentos Reais	3.450,00	0,00	-5,80	3.250,00	0,00
VII. Transferencias de Capital	13.298.921,00	11,58	23,87	16.474.027,00	13,17
VIII. Variación Activos Financeiros	1.196.050,00	1,04	13,20	1.353.890,00	1,08
IX. Variación Pasivos Financeiros	0,00	0,00	0,00	2.110.000,00	1,69
Total Operacións de Capital	14.498.421,00	12,62	37,54	19.941.167,00	15,94
TOTAL INGRESOS	114.846.985,00	100,00	8,95	125.122.330,00	100,00

Gráfico nº6



O capítulo III, **Taxas e outros ingresos**, no que se recolle as taxas esixidas pola prestación de servizos de competencia provincial polas propias deputacións e os seus Organismos autónomos máis os prezos públicos, ascenden a 18.348.486 euros, importe que por primeira vez supera o do capítulo I para o orzamento suma dos das catro deputacións, e isto manifesta que pese a incrementarse nun 6,7% respecto a 2003, reflicte un peso porcentual menor en 2004, pois pasa dunha porcentaxe de 4,1% en 2003 a 3,9% en 2004.

Excepto no orzamento da Deputación de Pontevedra, o importe consignado no capítulo III incrementábase respecto ó mesmo de 2003, con aumentos interanuais do 11% na Coruña, do 8,5% en Lugo e do 6,3% en Ourense, con pesos porcentuais deste capítulo similares ós de 2003, sendo o maior o de Lugo co 6,5% e o menor o de Ourense co 1,3%. Paradoxalmente o orzamento da Deputación de Pontevedra, o único que non reflicte descenso dos impostos directos manifesta un leve descenso respecto de 2003 cunha perda de peso relativo, xa que as taxas e outros ingresos de natureza tributaria representaban no orzamento do 2003 o 4,3% e en 2004 o 3,9%, (lémbrese aquí que o orzamento que se presenta neste informe é o resultante da consolidación do da propia Deputación provincial máis os sete Organismos autónomos da súa esfera).

Os **ingresos tributarios**, capítulos I e III, consignados nos orzamentos iniciais das catro deputacións galegas aproxímanse a 32.242.068 euros e representan o 6,9% do total dos ingresos acusando o descenso, xa comentado, orixinado polo forte descenso dos ingresos do recargo provincial do IAE, presenta no orzamento da Deputación de Pontevedra o maior importe das catro con 11.165.785 euros, co que a terceira parte do que se presuposta nas corporacións provinciais como ingresos tributarios proceden da de Pontevedra. A de Ourense consigna 1.517.830 euros que se van recadar como ingresos tributarios, o que supón unha proporción moito menor que a cuarta parte respecto ós ingresos tributarios do orzamento suma das catro deputacións.

O orzamento da Deputación de Lugo é o que presenta un maior peso relativo dos ingresos de natureza tributaria cunha porcentaxe do 10% e un peso relativo na suma das catro deputacións maior có que manifesta o seu orzamento total.

Os **ingresos patrimoniais**, capítulo V, representa o 1,9% do total de ingresos das catro deputacións cun descenso interanual do 3,3% e ascende a 8.956.104 euros. Nos

orxamentos das deputacións da Coruña e Lugo os importes consignados polo capítulo V diminúe respecto ós importes de 2003, nun 18,5% e 13,4% respectivamente, mentres que nos orxamentos das outras dúas deputacións maniféstanse incrementos, na de Ourense, un incremento interanual de 9,3% e na de Pontevedra, cun forte incremento do 39,6%.

O agregado intermedio de ingresos **TOTAL DE INGRESOS POR OPERACIÓNS DE CAPITAL** (capítulos VI a IX) para o conxunto das catro deputacións ascende a 90.042.551 euros para o orxamento suma dos das catro deputacións o que supón o 19,3% do total de ingresos, e maniféstase, neste caso, un importante incremento interanual, do 40,4%.

O peso relativo do agregado de ingresos de capital na estrutura de ingresos nos orxamentos das deputacións provinciais é similar entre si, excepto no orxamento da de Lugo que nesta anualidade presenta un agregado de ingresos de capital moito máis elevado que nos orxamentos das anualidades anteriores, o que parece debido ó forte incremento do capítulo IX por mor da constitución da nova Sociedade urbanística provincial. A porcentaxe ou peso relativo do conxunto de ingresos de capital respecto ó total de ingresos nas outras deputacións flutúa entre o 13% no orxamento da Deputación da Coruña, o 15,9% en Pontevedra e o 17,6% no orxamento da de Ourense. O incremento interanual prodúcese nos orxamentos das catro deputacións, aínda que en diferentes escalas: nos orxamentos da Coruña e de Ourense é lixeiro (1% e 2,8% respectivamente) mentres que nas outras é maior, o 37,4% no orxamento de Pontevedra e o 128,3% en Lugo.

Dos capítulos que compoñen este agregado de ingresos de capital, o de maior importe é o capítulo VII, **Transferencias de capital**, que supón máis da metade do total de ingresos por operacións de capital. No orxamento suma dos das catro deputacións o importe consignado que se vai ingresar polas transferencias para o financiamento de gastos de investimento ascende a 50.165.879 euros, o que supón o 10,8% do total de ingresos, o que manifesta un incremento interanual do 12,6%.

Nos orxamentos de 2004 das catro deputacións provinciais as transferencias de capital manifestan maiores importes que en 2003, presentando o maior incremento interanual o orxamento da de Pontevedra co 23,9%, que contribúe a que estas transferencias teñan un peso porcentual na súa estrutura de ingresos do 13,2%.

No orzamento da Deputación da Coruña o incremento é menor, do 12,8%, e manifesta o menor peso relativo na composición de ingresos cunha porcentaxe do 6,8%. Os incrementos interanuais nos orzamentos das deputacións de Lugo e Ourense son similares, 5,4% e 5,8% respectivamente, presentando estas transferencias unha porcentaxe do 11,8% no orzamento da de Lugo e do 13,7%, o maior peso das catro no orzamento da de Ourense.

Un feito realmente significativo que se observa nos orzamentos dos concellos en Galicia, especialmente nos de poboación menor ós 20.000 habitantes, que representan máis do 90% sobre o número de concellos de Galicia, pero que se manifesta dun xeito realmente revelador no caso das deputacións provinciais, consiste na dependencia financeira ou escasa autonomía destas facendas, xa que as **transferencias** supoñen o 82,6% do total de ingresos do orzamento suma dos das catro deputacións.

No caso do orzamento da Deputación de Ourense, o 93,7% de todos os seus ingresos orixínase polas transferencias doutras administracións (local, autonómica, estatal ou europea). Nos orzamentos das deputacións da Coruña e Pontevedra a porcentaxe de transferencias sobre o total de ingresos é do 85%.

O capítulo IX, **Pasivos financeiros**, onde se reflicte o financiamento externo de carácter financeiro, isto é, a apelación ó crédito previsto para acometer os investimentos de capital, experimenta para o orzamento conxunto das catro deputacións un importante incremento interanual do 134,1%, debido a que no orzamento da Deputación de Lugo o capítulo IX pasou dos 3.670.000 euros en 2003, que representaban o 4,6% do seu total de ingresos a 22.928.957 euros, que representan o 22,5%, polo que haberá que analizar nos orzamentos seguintes neste capítulo as consecuencias de que a nova Sociedade urbanística provincial presentara un importante capítulo IX.

Nos orzamentos das deputacións da Coruña e Ourense obsérvase unha contención neste capítulo, xa que en ambas as dúas deputacións o importe deste capítulo é menor que o de 2003, cun descenso interanual do 5,8% na Coruña e do 6,8% en Ourense. O peso relativo da variación de pasivos financeiros no orzamento da Deputación da Coruña é do 5% e do 3,7% no de Ourense.

O orzamento consolidado da deputación de Ourense presenta nesta anualidade un importe previsto de apelación ó crédito por 2.110.000 euros logo de varios anos sen subscribir novos préstamos, e representa agora o 1,7% do total de ingresos.

O capítulo VI, **Alleamento de investimentos reais**, representa soamente o 0,3% do total do orzamento das catro deputacións.

O capítulo VIII, **Activos financeiros**, representa o 0,5% no orzamento das catro deputacións, e ascende a 2.396.416 euros dos que máis da metade, 1.353.890 euros corresponden ó consignado neste capítulo no orzamento consolidado da Deputación de Pontevedra, debido á estrutura e funcións do Organismo autónomo “Caixa de anticipos de cooperación”, no que este capítulo representa as dúas terceiras partes dos seus recursos.

A continuación expóñense as grandes liñas do orzamento de ingresos tendo en conta a variable da poboación, que reseña os capítulos máis significativos e os agregados de ingresos, que se reflicten no cadro nº 6 e no gráfico nº 7.

Para este informe tomáronse os datos de poboación do Padrón municipal do 1 de xaneiro do 2003.

En termos de euros por habitante, reflíctese que as deputacións de Ourense e Lugo son as que presentan os maiores importes nas variables analizadas pese a presentar os orzamentos máis baixos en valor absoluto, de xeito que por seren as menos poboadas, a perspectiva comparativa entre os orzamentos dunhas deputacións e outras varía en gran medida segundo se trate de valores absolutos ou de termos per cápita.

O **total de ingresos** para a media de Galicia ascende, no orzamento de 2004, a 169,2 euros por habitante, cifra amplamente superada polos resultados dos orzamentos das deputacións de Lugo en termos per cápita con 282,86 euros por habitante, e pola de Ourense con 231,09. Por debaixo da media de Galicia atópase o resultado do total de ingresos en euros per cápita, do orzamento das deputacións da Coruña e Pontevedra, 142,20 na Coruña e 134,89 en Pontevedra.

Os **ingresos tributarios**, o recargo provincial do IAE, as taxas e prezos públicos principalmente, que como xa se viu manifestan xa algunhas primeiras consecuencias da nova normativa de ingresos das facendas locais, ascenden a 11,72 euros por habitante como media de Galicia no orzamento inicial de 2004, e soamente os orzamentos das deputacións de Lugo e de Pontevedra presentan valores superiores á media, con 28,74 euros por habitante de ingresos tributarios no orzamento da Deputación de Lugo e con 12,04 euros por habitante en Pontevedra. A operación de dividir o consignado como ingresos tributarios entre a poboación en Ourense ofrece como resultado un valor menor ó da media de Galicia, con 4,44 euros per cápita, e no orzamento da Deputación da Coruña o resultado é de 8,21 euros por habitante.

As **transferencias correntes** para a media de Galicia ascenden a 121,52 euros por habitante, manifesta así este capítulo menos variabilidade entre os orzamentos dunhas deputacións e doutras, deste xeito en Ourense e Lugo os resultados son maiores e superan a media de Galicia con 184,90 euros por habitante e 152,43 euros por habitante respectivamente, e os orzamentos das deputacións da Coruña e

Pontevedra presentan valores menores á media. Maniféstase maior variabilidade respecto ós pesos relativos das transferencias correntes en relación co total de ingresos, xa que oscilan entre o 80% no orzamento da Deputación de Ourense e o 53,9% no orzamento da de Lugo.

Cadro n° 6


VARIABLES E RATIOS ECONÓMICO-FINANCEIRAS

INGRESOS

Euros por habitante e porcentaxes

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Ingresos Totais (IT)	142,20	282,86	231,09	134,89	169,23
Ingresos Tributarios (ITR)	8,21	28,74	4,44	12,04	11,72
% ITR / IT	5,77	10,16	1,92	8,92	6,93
Transferencias Correntes (TC)	111,57	152,43	184,90	98,15	121,52
% TC / IT	78,46	53,89	80,01	72,76	71,81
Operacións Correntes (OC)	123,64	184,70	190,43	113,40	136,50
% OC / IT	86,95	65,30	82,41	84,06	80,66
Transferencias Capital (TDC)	9,66	33,36	31,69	17,76	18,23
% TDC / IT	6,79	11,79	13,71	13,17	10,78
Ingresos Financeiros (IF)	7,72	64,55	8,97	3,73	13,98
% IF / IT	5,43	22,82	3,88	2,77	8,26

Gráfico n° 7



O **total por operacións correntes** para a media de Galicia é de 136,50 euros por habitante, importe que superan as deputacións de Lugo con 184,70 euros por habitante e a de Ourense con 190,43, mentres que a da Coruña con 123,64 e a de Pontevedra con 113,40 sitúanse por debaixo da media de Galicia.

A porcentaxe deste agregado de ingresos sobre o total de ingresos resulta do 87%, o maior no orzamento da Deputación da Coruña, seguido polo 84% do orzamento da de Pontevedra, o 82,45% en Ourense e do 65,3% no orzamento da Deputación de Lugo, o de menor peso porcentual.

A estimación das **transferencias de capital** resulta ser de 18,23 euros por habitante para a media de Galicia, importe que é superado polas dúas deputacións de menor poboación, isto é por Lugo e Ourense, por contra A Coruña e Pontevedra presentan resultados por debaixo da media. O peso porcentual na estrutura de ingresos no orzamento da suma das catro deputacións é do 10,8%, e a Deputación da Coruña presenta o menor peso relativo, o 6,8%, mentres que os orzamentos nas outras tres presentan pesos porcentuais similares, 11,8%, e 13%.

Os **ingresos financeiros**, activos e pasivos, capítulos VIII e IX, aproxímanse a 13,98 euros por habitante para a media de Galicia, e mostran uns valores en termos per cápita diferentes entre o caso do orzamento da de Lugo que, polo que xa se explicou, presenta un capítulo IX de ingresos moi elevado nesta anualidade polo que resulta que en termos per cápita, 64,55 euros son os consignados nestes ingresos por habitante. Os resultados en termos per cápita dos orzamentos das outras deputacións son menores ó de Lugo e menores á media, presentando 8,97 euros por habitante no orzamento de Ourense, 7,72 euros per cápita na Coruña e 3,73 euros por habitante en Pontevedra.

1.2. GASTOS

Para o conxunto das catro deputacións o total de gastos coincide co total de ingresos ó presentarse os orzamentos equilibrados.

Nos cadros nº 7 ó 11, recóllense os orzamentos de gastos de cada deputación (consolidados cos seus organismos autónomos) e o resultante global das catro, cos gráficos correspondentes expresivos da proporción de cada un dos capítulos de gastos sobre o total para os exercicios de 2003 e 2004.

O TOTAL DE GASTOS POR OPERACIÓNS CORRENTES (capítulos I ó IV) ascende para o conxunto das catro deputacións a 260.150.115 euros, manifestando un peso porcentual superior ós gastos de capital xa que representan o 55,9% do total de gastos do orzamento suma dos das catro deputacións. Refléctese, ademais, que este primeiro agregado de gastos aumentou en maior proporción cós gastos de capital, cun incremento interanual do 23,1%, polo que se no ano anterior a distribución dos gastos, segundo foran correntes ou de capital, estaba nivelada (50%), por crecerea máis os correntes desequilíbrase a relación.

Os gastos correntes creceron nos orzamentos das catro deputacións, aínda que no orzamento onde en maior medida se acusou este aumento foi no orzamento consolidado que presenta a Deputación de Lugo, cun incremento interanual porcentual do 66,3%, debido, sobre todo, ó capítulo II, no que a diferenza entre as dúas anualidades analizadas aquí estriba na consignación dos gastos que levará a cabo a sociedade urbanística provincial. Isto leva a que se en 2003 no orzamento consolidado inicial desta deputación os gastos de capital superaban ós correntes, xa que tiñan uns pesos relativos de 51,4% e 48,6% respectivamente, en 2004 trócanse as relacións entre estes agregados de gastos, de xeito que os correntes representan o 63,2% e os de capital o 36,8%.

No orzamento da Deputación da Coruña os principais agregados de gastos están equilibrados case ó 50%, aínda que en 2003 os correntes tiñan un peso inferior ó 50% e experimentaron un maior incremento cós outros, do 15,3%.

No orzamento da Deputación de Ourense obsérvase un caso diferente que é a clara preponderancia dos gastos correntes sobre os de capital tanto na anualidade 2003

como en 2004, sendo nesta última de 72,3% fronte 27,7%, manifestando un incremento interanual os gastos correntes do 6,1% maior cós de capital.

Na Deputación de Pontevedra o predominio dos gastos de capital (investimentos máis os gastos financeiros) sobre os correntes segue a manifestarse unha anualidade máis, observando en 2004 que os correntes representan o 46,3% e os de capital o 53,7% restante. Neste caso os gastos correntes aumentaron nun 18,8% desde 2003 en maior proporción cós de capital.

Como nos exercicios anteriores, o capítulo de maior importe dentro dos correntes segue a ser o de remuneración de **gastos de persoal**, capítulo I, que para o conxunto das catro deputacións alcanza os 104.032.938 euros, o que representa o 22,4% do total de gastos e o 40% respecto ós gastos de natureza corrente, experimentando un incremento do 7,7% respecto ó exercicio 2003.

O peso porcentual deste capítulo na estrutura do orzamento de gastos varía entre os orzamentos dunhas deputacións e outras: no da Coruña a porcentaxe de gastos en remuneración do persoal é a menor das catro deputacións e representa o 18,7% do destino final dos seus recursos, experimentando un moderado incremento interanual do 2,9%. A Deputación de Pontevedra presenta un orzamento inicial de 2004 cun peso porcentual deste capítulo do 23,2% e manifestando un incremento interanual do 16,4%. No orzamento inicial da Deputación de Lugo o peso porcentual do capítulo dedicado a pagamentos do persoal ten un peso porcentual similar ó anterior co 23,5%, aínda que neste caso o incremento interanual é menor, do 5,4%, e destaca que é o único orzamento no que o capítulo I non é o de maior proporción dos correntes debido ó gran incremento do seu capítulo II, que xa se comentara anteriormente, polos gastos da sociedade urbanística que figuran neste capítulo no orzamento consolidado. No orzamento da Deputación de Ourense é onde ten maior peso relativo o capítulo I cunha porcentaxe do 27% manifestando un incremento do 6,4%.

O capítulo II, **Compra de bens correntes e servizos**, é o segundo en peso porcentual na estrutura de gastos correntes no orzamento do total das catro deputacións e representa o 21,5%, experimentando un importante incremento porcentual respecto ó 2003, 60,5% debido, sobre todo, ó caso singular nesta anualidade no orzamento consolidado que presenta a Deputación de Lugo no que o aumento porcentual deste capítulo foi do 203,6%. É preciso manifestar que tamén nos orzamentos das outras

deputacións se observan incrementos elevados deste capítulo ó comparalo co orzamento 2003, do 37,6% na Coruña, do 10,1% en Ourense e do 29,8% en Pontevedra.

O peso relativo deste capítulo no total do orzamento de gastos presenta a maior magnitude no de Lugo polo que xa se viu co 35,1%. O orzamento da Deputación da Coruña presenta pesos case igualados entre os dous compoñentes dos gastos de funcionamento, é dicir, entre os seus capítulos I e II, cuns pesos do 18,7% e do 18,4% respectivamente. No orzamento da Deputación de Ourense o peso do capítulo II é do 21,8% máis distanciada do I, e no orzamento da Deputación de Pontevedra na que lembramos que o agregado de gastos correntes presenta un peso porcentual inferior ó de capital, o peso porcentual do capítulo II é o menor dos orzamentos das catro deputacións, co 14%.

O capítulo III, **Xuros**, que presenta para o orzamento suma dos das catro deputacións un descenso porcentual do 21,2%, acada os 6.860.730 euros e vai diminuindo o seu peso relativo na estrutura de gastos dos orzamentos das deputacións, cunha porcentaxe do 1,5%.

No único orzamento onde este capítulo presenta un aumento respecto a 2003 é o de Ourense, co 3,4%, polo que lle representa en 2004 o 2,3% do total de gastos que supón o maior peso relativo deste capítulo do orzamento das catro.

Nos orzamentos iniciais das outras maniféstanse descensos interanuais, sendo o máis acusado o do orzamento consolidado da de Lugo cunha baixada do 46,5% porcentual que produce que o peso relativo deste capítulo non chegue nin ó 1%. No orzamento da de Pontevedra tamén se reduce significativamente a carga de gastos financeiros principalmente xerada polos xuros e comisións da débeda co 31,1% menos que en 2003 o que deixa a este capítulo cun peso na súa estrutura de ingresos no 1,3%. No da Coruña o descenso foi do 20,9% e representa o 1,9% do seu orzamento de gastos.


Cadro nº 7

TOTAL DEPUTACIÓN
ORZAMENTO DE GASTOS

(Euros)

CAPITULOS	2003		Increm. % Interanual	2004	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Gastos de Persoal	96.610.425,36	23,23	7,68	104.032.938,68	22,35
II. Compra de Bens Corr. e Servizos	62.230.189,26	14,97	60,48	99.864.607,13	21,45
III. Intereses	8.707.779,11	2,09	-21,21	6.860.730,42	1,47
IV. Transferencias Correntes	43.756.358,31	10,52	12,88	49.391.839,31	10,61
Total Operacións Correntes	211.304.752,04	50,82	23,12	260.150.115,54	55,88
VI. Investimentos Reais	105.215.102,62	25,30	12,89	118.780.701,53	25,51
VII. Transferencias de Capital	75.431.351,94	18,14	-12,24	66.197.116,99	14,22
VIII. Variación Activos Financeiros	3.097.877,87	0,75	78,24	5.521.679,17	1,19
IX. Variación Pasivos Financeiros	20.764.962,90	4,99	-28,20	14.908.226,85	3,20
Total Operacións de Capital	204.509.295,33	49,18	0,44	205.407.724,54	44,12
TOTAL GASTOS	415.814.047,37	100,00	11,96	465.557.840,08	100,00

Gráfico nº 8



Cadro nº 8


DEPUTACIÓN DA CORUÑA

ORZAMENTO DE GASTOS

(Euros)

CAPITULOS	2003		Increment. % Interanual	2004	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Gastos de Persoal	28.889.533,00	19,77	2,87	29.719.519,00	18,65
II. Compra de Bens Corr. e Servizos	21.290.671,00	14,57	37,57	29.289.323,00	18,38
III. Intereses	3.802.205,00	2,60	-20,87	3.008.664,00	1,89
IV. Transferencias Correntes	15.927.240,00	10,90	16,84	18.609.243,00	11,68
Total Operacións Correntes	69.909.649,00	47,84	15,33	80.626.749,00	50,59
VI. Investimentos Reais	32.125.381,00	21,98	16,24	37.341.407,00	23,43
VII. Transferencias de Capital	34.962.970,00	23,92	-14,58	29.864.652,00	18,74
VIII. Variación Activos Financeiros	820.000,00	0,56	288,80	3.188.123,00	2,00
IX. Variación Pasivos Financeiros	8.319.000,00	5,69	0,44	8.355.769,00	5,24
Total Operacións de Capital	76.227.351,00	52,16	3,31	78.749.951,00	49,41
TOTAL GASTOS	146.137.000,00	100,00	9,06	159.376.700,00	100,00

Gráfico nº 9




DEPUTACIÓN DE LUGO
ORZAMENTO DE GASTOS

(Euros)

CAPITULOS	2003		Increm. % Interanual	2004	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Gastos de Persoal	22.718.958,16	28,48	5,39	23.944.599,03	23,48
II. Compra de bens Corr. e Servizos	11.798.653,87	14,79	203,59	35.819.755,79	35,13
III. Intereses	876.353,11	1,10	-46,51	468.765,42	0,46
IV. Transferencias Correntes	3.350.139,41	4,20	25,42	4.201.647,52	4,12
Total Operacións Correntes	38.744.104,55	48,57	66,31	64.434.767,76	63,19
VI. Investimentos Reais	31.297.041,62	39,24	4,37	32.664.461,65	32,03
VII. Transferencias de Capital	9.080.057,16	11,38	-54,74	4.109.991,75	4,03
VIII. Variación Activos Financeiros	336.526,05	0,42	1,78	342.526,17	0,34
IX. Variación Pasivos Financeiros	308.629,76	0,39	37,42	424.127,44	0,42
Total Operacións de Capital	41.022.254,59	51,43	-8,49	37.541.107,01	36,81
TOTAL GASTOS	79.766.359,14	100,00	27,84	101.975.874,77	100,00

Gráfico nº 10



Cadro nº 10


DEPUTACIÓN DE OURENSE

ORZAMENTO DE GASTOS

(Euros)

CAPITULOS	2003		Increm. % Interanual	2004	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Gastos de Persoal	20.083.587,20	26,76	6,41	21.370.458,65	27,02
II. Compra de Bens Corr. e Servizos	15.630.727,39	20,82	10,13	17.213.577,34	21,77
III. Intereses	1.756.750,00	2,34	3,44	1.817.150,00	2,30
IV. Transferencias Correntes	16.404.906,90	21,85	2,00	16.732.315,79	21,16
Total Operacións Correntes	53.875.971,49	71,77	6,05	57.133.501,78	72,25
VI. Investimentos Reais	14.824.672,00	19,75	-0,53	14.745.921,88	18,65
VII. Transferencias de Capital	3.353.624,78	4,47	-2,19	3.280.132,24	4,15
VIII. Variación Activos Financeiros	240.151,82	0,32	-37,54	150.000,00	0,19
IX. Variación Pasivos Financeiros	2.769.283,14	3,69	36,26	3.773.379,41	4,77
Total Operacións de Capital	21.187.731,74	28,23	3,60	21.949.433,53	27,75
TOTAL GASTOS	75.063.703,23	100,00	5,35	79.082.935,31	100,00

Gráfico nº 11




DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
ORZAMENTO DE GASTOS

(Euros)

CAPITULOS	2003		Increm. % Interanual	2004	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Gastos de Persoal	24.918.347,00	21,70	16,37	28.998.362,00	23,18
II. Compras de Bens Corr. e Servizos	13.510.137,00	11,76	29,84	17.541.951,00	14,02
III. Intereses	2.272.471,00	1,98	-31,08	1.566.151,00	1,25
IV. Transferencias Correntes	8.074.072,00	7,03	21,98	9.848.633,00	7,87
Total Operacións Correntes	48.775.027,00	42,47	18,82	57.955.097,00	46,32
VI. Investimentos Reais	26.968.008,00	23,48	26,18	34.028.911,00	27,20
VII. Transferencias de Capital	28.034.700,00	24,41	3,24	28.942.341,00	23,13
VIII. Variación Activos Financeiros	1.701.200,00	1,48	8,22	1.841.030,00	1,47
IX. Variación Pasivos Financeiros	9.368.050,00	8,16	-74,86	2.354.951,00	1,88
Total Operacións de Capital	66.071.958,00	57,53	1,66	67.167.233,00	53,68
TOTAL GASTOS	114.846.985,00	100,00	8,95	125.122.330,00	100,00

Gráfico nº 12



O capítulo IV, **Transferencias correntes**, que supón o 10,6% do orzamento conxunto das catro deputacións experimentou respecto ó exercicio de 2003 un incremento porcentual do 12,9%, acadando os 49.391.839 euros.

Nos orzamentos das catro deputacións experimentou incrementos sendo o máis acusado o do orzamento da de Lugo que, co aumento de 25,4% segue a presentar o peso relativo do que dedica a gastos en transferencias correntes máis baixo das catro con 4,1% e un importe en euros moito menor que nas outras deputacións. No orzamento da de Pontevedra tamén o incremento foi importante co 22% respecto a 2003 cunha porcentaxe deste capítulo do 7,9%. No orzamento da Deputación da Coruña as transferencias correntes de gastos aumentaron nun 16,8% e representan o 11,7% do seu orzamento. Foi no orzamento da de Ourense onde o incremento foi máis pequeno, 2%, aínda que partía xa co maior peso relativo destes gastos na súa estrutura e mantéñeno, co 21,2%, xa que aquí consignan a transferencia ó SERGAS pola carga asumida neta polo traspaso do antigo Hospital provincial á Comunidade Autónoma de Galicia.

O **TOTAL DE OPERACIÓNS DE CAPITAL** (capítulos VI ó IX) ascende a 205.407.724 euros o que representan o 44,1% do total de gastos para o orzamento suma dos das catro deputacións, manténdose similar á cifra de 2003. Como xa se formulou para o agregado dos gastos correntes, na actualidade logo dos cambios producidos, no orzamento da Deputación de Pontevedra o agregado de gastos de capital ten maior peso relativo que os correntes, cunha porcentaxe sobre o total de gastos do 53,7% e no da Coruña case igualado co 49,4%. Este agregado experimenta leves incrementos interanuais nos orzamentos provinciais excepto no de Lugo que reflicte unha redución do 8,5% debido, sobre todo, á forte redución das súas transferencias de capital.

Neste agregado intermedio de gastos reflíctese que o de maior relevancia cuantitativa segue a ser o capítulo VI de Investimentos reais, os realizados directamente polas corporacións provinciais, que no orzamento global resultante da suma dos das catro deputacións é o de maior importe e polo tanto de maior peso porcentual, co 25,5% de porcentaxe sobre o total de gastos, o que dá conta do importante papel asignado a estas administracións, nas que a cuarta parte dos seus recursos se destinan a investimento directo, este é o mellor instrumento económico de xerar riqueza. A pesar do exposto, esta porcentaxe non é tan alta nas catro deputacións, sendo o orzamento no que ten máis peso o de Lugo, co 32% seguido polo orzamento da deputación de

Pontevedra, co 27,2%, no da Coruña representa o 23,4%, sendo o de Ourense o de menor peso relativo na estrutura de gastos co 18,7%.

O capítulo VI, **Investimentos reais**, investimentos directos, representa o 25,5% dos gastos das catro deputacións no seu conxunto e o 57,8% dos de capital, experimentando un incremento interanual do 12,9% respecto a 2003, reflectindo un investimento máis centralizado por ser superior ó capítulo de transferencias de capital. O modelo reflectido nos orzamentos provinciais en 2004 para as catro deputacións é o do investimento máis centralizado, o que non era así en 2003 nos casos da Coruña e Pontevedra.

O orzamento da Deputación de Lugo segue a ser o que presenta o capítulo de investimentos directos co maior peso porcentual na súa estrutura de gastos co 32%, que representa o 87% dos seus gastos de capital, e manifesta un incremento interanual do 4,4%. Neste orzamento maniféstase así mesmo que o capítulo VII de transferencias de capital, que xunto ó VI compón o que se chama Investimentos, tendo en conta tanto os realizados pola propia deputación como os transferidos principalmente ós concellos da provincia, manifesta un acusado retroceso ó diminuír nun 54,7% as transferencias de capital.

Os investimentos directos que realizará a Deputación da Coruña representan o 23,4% do total dos seus gastos inicialmente consignados e o 47,4% respecto ó agregado intermedio de gastos de capital, experimentando unha evolución á alza xa que aumenta en maior proporción có total de gastos, cunha porcentaxe de incremento interanual do 16,2%. O dedicado a Investimentos (capítulos VI e VII) increméntase lixeiramente ó comparalo co 2003, aínda que o seu capítulo VII experimenta un descenso.

A Deputación de Pontevedra dedica ós investimentos directos unha porcentaxe do 27,2%, que representa o 50,7% sobre o total dos seus gastos de capital, experimentando un incremento interanual do 26,1% do que resulta unha maior importancia relativa na súa estrutura de gastos. Como os seus gastos de transferencias tamén manifestan un incremento respecto a 2003, o resultado é que os Investimentos que se van acometer na Deputación de Pontevedra son os que maior crecemento tiveron desde o ano pasado.

Por último, no orzamento da Deputación de Ourense, o capítulo VI de Investimentos directos non experimenta case variación respecto ó consignado en 2003, e segue a presentar o peso relativo máis baixo; como as transferencias de capital tamén baixan respecto a 2003 o seu conxunto de Investimentos (capítulos VI e VII) é menor.

As **transferencias de capital**, outorgadas polas deputacións e máis os seus organismos autónomos para o financiamento de gastos de investimentos, capítulo VII, que forman parte do conxunto dos Investimentos, representan para o orzamento total das catro deputacións o 14,2% do total de gastos e o 32,2% respecto ó agregado intermedio de gastos de capital, e experimentaron unha diminución interanual do 12,2%. Soamente no orzamento da Deputación de Pontevedra este capítulo en 2004 supera ó de 2003 cun aumento porcentual do 3,2%, tendo neste caso un peso relativo de 23,1% na súa estrutura de gastos.

Nos orzamentos das outras deputacións acúsanse descenso interanuais do consignado polo capítulo VII: así no da Coruña o descenso foi do 14,6%, o que deixa o seu peso relativo na estrutura de gastos no 18,7%; no orzamento da de Lugo é onde o descenso foi máis forte cunha baixada porcentual do 54,7%, isto é, as súas transferencias reducíronse á metade, aínda que coa perspectiva dos tres últimos anos obsérvase que en 2003 deuse un fortísimo incremento nas transferencias aquí analizadas, polo que en 2004 parece que volve á senda anterior, aínda que en 2004 son superiores ás de 2002 (o informe vén expresado en euros correntes de cada ano). No orzamento da corporación provincial de Ourense a perda respecto a 2003 é máis pequena, co 2,2% e o peso porcentual na súa estrutura de gastos é similar á do ano pasado co 4,2%.

Do agregado **Investimentos**, recollendo o xa exposto para os dous capítulos que o compoñen (VI e VII), débese sinalar que ascende a 184.977.818 euros para o orzamento suma das catro deputacións, o que representa o 39,7% do total de gastos. Neste agregado destaca o reflectido no orzamento consolidado da Deputación de Pontevedra xa que a metade dos seus gastos serán dedicados a Investimentos, o 50,3%. Nas outras deputacións esta porcentaxe é inferior e, en todo caso, sitúase por debaixo da metade, sendo do 42,2% na da Coruña, no orzamento de Lugo despois do esforzo en 2003 en capítulo VII baixa a ter un peso porcentual do 36,1% na súa estrutura de gastos. O orzamento da Deputación de Ourense presenta unha porcentaxe que é a metade có de Pontevedra, 22,8%.

O capítulo VIII, **Variación de activos financeiros**, soamente representa o 1,2% do orzamento das catro deputacións reflectindo un forte incremento interanual do 78,2%, debido en maior medida ó aumento experimentado no orzamento da Coruña, ademais da dotación para anticipos de pagamentos ó persoal, a achega fundacional ó recinto Feiral da Coruña, IFECO.

O capítulo IX, **Variación de pasivos financeiros** no que se contabilizan as anualidades das amortizacións de capital da débeda viva concertada para o financiamento de investimentos, representa o 3,2% do total de gastos do conxunto das catro deputacións, manifestando un importante descenso interanual porcentual do 28,2% respecto ó exercicio do 2003, capítulo no que a evolución desde a anualidade de 2003 é moi diferente en cada deputación: experimenta incrementos moderados a fortes nos orzamentos das deputacións de Lugo e Ourense, con porcentaxes de aumentos do 37,4% e 36,3% respectivamente; aínda que así como no orzamento de Lugo soamente representa o 0,4% do seu total de gastos, no orzamento de Ourense o peso proporcional dos pasivos financeiros no total dos seus gastos incrementouse ata o 4,8% .

No orzamento da Coruña o capítulo IX mantense estable xa que o incremento é do 0,4%, co maior peso porcentual dos pasivos financeiros na estrutura de gastos co 5,2%. No orzamento da Deputación de Pontevedra o capítulo IX diminuíu nun 74,9% representando na actualidade o 1,9% do seu total de gastos, xa que se está nun proceso de refinanciamento da débeda.

O cadro nº 12 reflicte as principais variables de gastos analizadas en termos per cápita segundo o padrón municipal de habitantes do 1 de xaneiro de 2003. Os gastos totais coinciden en termos per cápita cos ingresos xa que os orzamentos das deputacións presentan equilibrio inicial entre ingresos e gastos.

Igual que para os ingresos en termos per cápita os resultados dos orzamentos das dúas provincias de menor poboación, Lugo e Ourense son as que presentan valores máis altos, aínda que esta premisa non se cumpre para tódalas variables, xa que - como xa se verá- os investimentos per cápita na Deputación de Ourense non superan ós das provincias de maior poboación e os gastos financeiros en termos per cápita do orzamento da Deputación de Lugo é o menor das catro deputacións.

Os gastos dedicados ó **pagamento do persoal** ó servizo das administracións provinciais son de 37,8 euros por habitante para a media de Galicia, e este valor supera os resultados dos orzamentos nas provincias de Lugo e Ourense con 66,4 e 62,4 euros por habitante respectivamente.

En Pontevedra o dedicado a pagamentos de persoal do orzamento 2004 resulta ser 31,3 euros por habitante, mentres que na Coruña a cifra resultante é menor, 26,5 euros por habitante.

Case a cuarta parte de gastos do orzamento de 2004 destinarase a gastos de persoal como media de Galicia, elevándose ó 27% no orzamento da Deputación de Ourense, a de maior peso relativo do capítulo I, fronte ó 18,7% que presenta o orzamento da Deputación da Coruña nestes gastos.

Cadro nº 12


VARIABLES E RATIOS ECONÓMICO-FINANCEIRAS

GASTOS

Euros por habitante e porcentaxes

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Gastos Totais (GT)	142,2	282,9	231,1	134,9	169,2
Gastos de Persoal (GP)	26,5	66,4	62,4	31,3	37,8
% GP / GT	18,65	23,48	27,02	23,18	22,35
Operacións Correntes (OC)	71,9	178,7	167,0	62,5	94,6
% OC / GT	50,59	63,19	72,25	46,32	55,88
Investimentos (I)	60,0	102,0	52,7	67,9	67,2
% I / GT	42,17	36,06	22,79	50,33	39,73
Gastos Financeiros (GF)	10,3	2,1	11,5	4,5	7,4
% GF / GT	7,24	0,75	4,96	3,35	4,39

Gráfico nº 13



O agregado intermedio de **gastos de natureza corrente** reflicte para a media de Galicia un valor de 94,6 euros por habitante, e o orzamento da Deputación de Lugo é o que presenta o valor máis alto en termos per cápita con 178,7 euros por habitante, aínda que o orzamento da de Ourense con 167 euros por habitante presenta o maior peso porcentual destes gastos, o 72,3%.

O resultado en termos de euros por habitante no orzamento 2004 da Deputación da Coruña é de 71,9 euros e o 50,6%, mentres que o resultado no orzamento da de Pontevedra é o máis baixo con 62,5 euros por habitante, e o menor peso porcentual de gasto corrente, co 46,3%.

Os **Investimentos**, a suma dos realizados directamente polas corporacións provinciais e polos seus organismos autónomos e máis os levados a cabo principalmente polos concellos, froito das transferencias de capital que reciben das deputacións (capítulos VI e VII) manifestan unha gran variabilidade entre unhas deputacións e outras, e presentan un gasto de 67,2 euros por habitante como media de Galicia.

Nesta variable o resultado ofrecido polo orzamento da Deputación de Lugo é o maior das catro xa que ten un valor de 102 euros por habitante, mentres que o resto delas ofrecen valores moi por debaixo deste: no orzamento da Deputación de Pontevedra o resultado é de 67,9 en termos per cápita, na Coruña son 60 euros por habitante o previsto no orzamento 2004 para investimentos, e, por último, en Ourense o valor é o máis baixo cun importe de 52,7 euros por habitante.

Os **gastos financeiros**, capítulos VIII e IX, aproxímanse a 7,4 euros por habitante para a media de Galicia o que representa o 4,4% sobre o total de gastos. O resultado no orzamento da Deputación de Ourense é o maior dos catro, con 11,5 euros por habitante, o que evidencia a gran diferenza en valores per cápita, xa que o resultado en Lugo é de 2,1 euros por habitante cinco veces menor que o primeiro. No orzamento da Coruña o valor é de 10,3 euros por habitante de gastos financeiros, e no orzamento da de Pontevedra resulta que 4,5 euros per cápita é o previsto inicialmente para gastar en capítulos VIII e IX no orzamento 2004.

1.3. AFORRO PÚBLICO E CARGA FINANCEIRA

É preciso sinalar aquí que nesta memoria se presentan os cálculos das variables de aforro público e de carga financeira referidas soamente ós valores consignados no orzamento inicial, polo que deberá terse en conta este aspecto, xa que para unha análise máis completa, necesitaríanse realizar os cálculos do aforro público real referidos á diferenza entre ingresos e gastos liquidados, isto é, entre dereitos liquidados e obrigas recoñecidas, ó que teríamos que deducir a anualidade teórica de amortización da débeda viva existente en cada corporación provincial para chegar ó concepto de aforro neto, e así coñecer a necesidade ou capacidade de financiamento destas administracións, e observar o cumprimento da Lei de estabilidade orzamentaria, pero que dado que soamente se trata dos orzamentos iniciais que acompañan ó Orzamento da Xunta de Galicia, a análise céntrase en maior medida en reflectir as variacións respecto ó orzamento do ano anterior e na estrutura comparativa dos recursos e destinos iniciais ou previstos das principais magnitudes orzamentarias.

O **aforro público bruto** (AB), é dicir, a diferenza entre operacións correntes de ingresos e gastos, acadou a cifra de 115.365.172,55 euros para o conxunto das catro deputacións o que reflicte unha diminución desta variable respecto do ano 2003, cun descenso interanual do 17,8%.

A diferenza entre ingresos e gastos de natureza corrente aumentou nos orzamentos das deputacións da Coruña e Ourense, nunha pequena proporción (4,2% e 5% respectivamente) observándose, nos orzamentos das outras, incrementos; é moi acusado o do orzamento consolidado da de Lugo, no que, por primeira vez, se xunta a sociedade urbanística, e o descenso en Pontevedra máis pequeno.

En termos per cápita o resultado do aforro público bruto para a media de Galicia acadou os 41,9 euros por habitante, importe superado polos resultados obtidos nos orzamentos das deputacións da Coruña e Pontevedra, con resultados similares entre si, figurando na Coruña un valor de 51,7 euros por habitante e en Pontevedra 50,9 euros por habitante. Os resultados obtidos nos orzamentos de Lugo e Ourense tamén en termos per cápita resultan ser inferiores, cuns valores de 6 euros e 23,5 euros por habitante respectivamente.


Cadro nº 13

**VARIABLES E RATIOS ECONOMICO-FINANCEIRAS
AFORRO PUBLICO E CARGA FINANCEIRA**

Euros por habitante e porcentaxes

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Aforro Bruto	51,7	6,0	23,5	50,9	41,9
Aforro Neto	44,2	4,8	12,5	48,4	36,5
% AN / Investimentos	73,8	4,7	23,6	71,3	54,3
Intereses	2,7	1,3	5,3	1,7	2,5
Amortizacións	7,5	1,2	11,0	2,5	5,4
Carga Financeira (CF)	10,1	2,5	16,3	4,2	7,9
% CF / I. Correntes	8,20	1,3	8,6	3,7	5,8

Gráfico nº14



O **aforro neto** resultante de deducir as anualidades das amortizacións consignadas inicialmente no capítulo IX de gastos, pola débeda viva ó aforro bruto, ascende a cifra de 100.456.945,70 euros para o conxunto das catro deputacións experimentado un descenso deste resultado respecto a 2003, aínda que de menor proporción que a caída do aforro bruto, cunha porcentaxe do 16%, xa que as anualidades das amortizacións consignadas neste orzamento para o conxunto das catro deputacións baixaron.

Esta variable creceu no orzamento da Deputación da Coruña nunha proporción lixeiramente superior ó aforro bruto, e no caso do orzamento da Deputación de Pontevedra, o aforro neto presenta un crecemento ó comparalo co obtido no orzamento 2003. En Ourense a pesar de que o aforro bruto experimentou un incremento interanual ó deducirle as amortizacións o resultado é máis baixo que no ano anterior.

O caso do orzamento da Deputación de Lugo que como se vén observando na maioría das variables analizadas presenta resultados atípicos na súa traxectoria, reproduce o descenso da marxe entre ingresos e gastos de natureza corrente, tendo en conta tamén o capítulo IX de gastos.

En termos de euros por habitante a cifra da media de Galicia é de 36,5 euros superada polos resultados das deputacións da Coruña e Pontevedra, con valores de 44,2 e 48,4 euros por habitante respectivamente. Os resultados en termos per cápita nos orzamentos das outras dúas están bastante por debaixo da media, reflectindo a Deputación de Lugo soamente 4,8 euros por habitante. A proporción do aforro neto sobre os investimentos, que dá conta da capacidade interna para o financiamento dos investimentos é de 54,3% para a media de Galicia, porcentaxe superada polas deputacións da Coruña e Pontevedra, situándose distantes as ratios resultantes nas outras dúas.

A **carga financeira**, a suma dos xuros e comisións do capítulo III máis as amortizacións do capítulo IX de gastos, aproxímase ós 21.768.957 euros para o conxunto das catro deputacións experimentando unha positiva evolución interanual, xa que se reduciu nun 26%. Esta positiva comparación co resultado de 2003 maniféstase nos orzamentos provinciais excepto no de Ourense, no que reflicte un incremento de 23,5%. Nos outros casos, destaca o resultado no orzamento da Deputación de

Pontevedra onde a diminución interanual é moi acusada cun 66,3% (posiblemente debido ó refinanciamento da débeda), presentando tamén o orzamento de Lugo un importante descenso porcentual, o 24,6%, sendo o máis discreto o do orzamento da Coruña, cun 6,2%.

Soamente no caso da Deputación de Lugo se observa que os xuros e comisións consignados no capítulo III presentan un importe superior ó capítulo IX de amortizacións, estando composta a carga financeira nas outras deputacións en maior proporción das anualidades de amortizacións dos préstamos pendentes.

A carga financeira para a media de Galicia é de 7,9 euros por habitante, e os orzamentos das deputacións de Ourense e Coruña presentan valores superiores a esta media, en termos per cápita, sendo destacable o baixo resultado que se reflicte no orzamento da Deputación de Lugo, con só 2,5 euros por habitante.

ANEXO:

A ORIGEN E A APLICACIÓN DOS FONDOS

VARIABLES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL

Cadro nº 14

A ORIXE E A APLICACIÓN DOS FONDOS

CONCEPTOS	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
-----------	----------	------	---------	------------	---------

ORIXE DOS FONDOS

Ingresos tributarios	9.197.375,00 5,77	10.361.078,85 10,16	1.517.830,00 1,92	11.165.785,00 8,92	32.242.068,85 6,93
Ingresos patrimoniais	4.328.100,00 2,72	1.272.549,84 1,25	375.930,00 0,48	2.979.525,00 2,38	8.956.104,84 1,92
Transferencias correntes	125.052.952,00 78,46	54.953.721,43 53,89	63.274.587,97 80,01	91.035.853,00 72,76	334.317.114,40 71,81
Transferencias de capital	10.822.168,00 6,79	12.026.041,48 11,79	10.843.642,67 13,71	16.474.027,00 13,17	50.165.879,15 10,78
Crédito	8.100.000,00 5,08	22.928.957,00 22,48	2.919.141,64 3,69	2.110.000,00 1,69	36.058.098,64 7,75
Outros (VI e VIII)	1.876.105,00 1,18	433.526,17 0,43	151.803,03 0,19	1.357.140,00 1,08	3.818.574,20 0,82


APLICACIÓN DOS FONDOS

Circulante (I, II e IV)	77.618.085,00 48,70	63.966.002,34 62,73	55.316.351,78 69,95	56.388.946,00 45,07	253.289.385,12 54,41
Carga financeira	11.364.433,00 7,13	892.892,86 0,88	5.590.529,41 7,07	3.921.102,00 3,13	21.768.957,27 4,68
Investimentos	67.206.059,00 42,17	36.774.453,40 36,06	18.026.054,12 22,79	62.971.252,00 50,33	184.977.818,52 39,73
Outros (VIII)	3.188.123,00 2,00	342.526,17 0,34	150.000,00 0,19	1.841.030,00 1,47	5.521.679,17 1,19


Gráfico nº 15

Total Deputacións

ORIXE DOS FONDOS



APLICACIÓN DOS FONDOS



Cadro nº 15

MAGNITUDES EN TERMOS DE CONTABILIDADE

NACIONAL

Euros

A Coruña Lugo Ourense Pontevedra Galicia

INGRESOS CORRENTES	138.578.427,00	66.587.350,12	65.168.347,97	105.181.163,00	375.515.288,09
GASTOS CORRENTES	80.626.749,00	64.434.767,76	57.133.501,78	57.955.097,00	260.150.115,54
AFORRO BRUTO	57.951.678,00	2.152.582,36	8.034.846,19	47.226.066,00	115.365.172,55
Amortizacións	8.355.769,00	424.127,44	3.773.379,41	2.354.951,00	14.908.226,85
AFORRO NETO	49.595.909,00	1.728.454,92	4.261.466,78	44.871.115,00	100.456.945,70
INGRESOS DE CAPITAL(Cap VI+VII)	12.148.273,00	12.117.041,48	10.845.445,70	16.477.277,00	51.588.037,18
INVESTIMENTOS	67.206.059,00	36.774.453,40	18.026.054,12	62.971.252,00	184.977.818,52
FBCF (Cap VI)	37.341.407,00	32.664.461,65	14.745.921,88	34.028.911,00	118.780.701,53
Transf. De capital	29.864.652,00	4.109.991,75	3.280.132,24	28.942.341,00	66.197.116,99
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO	-5.461.877,00	-22.928.957,00	-2.919.141,64	-1.622.860,00	-32.932.835,64

**EVOLUCIÓN DOS ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS
PROVINCIAIS NO PERÍODO 1999-2004**

2. EVOLUCIÓN DOS ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS NO PERÍODO 1999-2004.

Os datos deste apartado ó igual que o resto do informe están expresados en euros, máis exactamente en euros correntes de cada ano, sen ter en conta a inflación, neste caso aínda que nos anos analizados nesta evolución non era oficial o cambio de peseta/euro mantense a expresión en euros para que todo o informe sexa homoxéneo.

2.1. INGRESOS TOTAIS

O total de ingresos do orzamento teórico suma das catro deputacións pasou dos 342.058.450 euros en 1999 ós 465.557.840 euros en 2004 o que reflicte un incremento global no período do 36,1%, e un incremento interanual medio de 6,4%, experimentando o total de ingresos unha traxectoria de crecemento continuado con incrementos interanuais en todos os anos do período.

Cadro nº 16

INGRESOS TOTAIS

Miles de euros

	1999	2000	2001	2002	2003	2004
A Coruña	136.323,97	128.661,07	135.589,30	147.543,39	146.137,00	159.376,70
Lugo	61.984,78	64.573,34	70.245,09	73.244,18	79.766,36	101.975,87
Ourense	53.274,93	62.557,86	61.593,08	67.472,85	75.063,70	79.082,94
Pontevedra	90.474,77	94.917,74	100.228,20	107.595,46	114.846,99	125.122,33
Galicia	342.058,45	350.710,01	367.655,67	395.855,89	415.814,05	465.557,84


Euros por habitante

	1999	2000	2001	2002	2003	2004
A Coruña	123,22	116,30	122,33	133,16	131,43	142,20
Lugo	168,55	175,59	192,13	201,15	220,48	282,86
Ourense	154,79	181,76	179,17	195,79	218,36	231,09
Pontevedra	99,83	104,73	109,82	117,44	124,84	134,89
Galicia	125,55	128,72	134,58	144,85	151,90	169,23

O crecemento global ou entre os extremos do período máis alto ofreceuno o orzamento da Deputación de Lugo, co 64,5% e un interanual medio do 10,5% aínda débese principalmente ó forte crecemento en 2004. O Orzamento da Deputación de Ourense que é en todos os anos do período analizado o menor, cunha traxectoria continua presentou un crecemento total do 48,4% e unha taxa de crecemento interanual do 8,2%.

O orzamento da Deputación de Pontevedra reflicte tamén unha traxectoria continua á alza, cun aumento total porcentual de 38,3% e unha taxa de crecemento interanual de 6,7%. O orzamento de ingresos da Deputación da Coruña que en todo o período tivo os maiores orzamentos das catro, amosa unha porcentaxe de crecemento global do 16,9%, e unha taxa de incremento interanual de 3,2%, sendo ademais a única que presenta unha porcentaxe de aumento entre os anos extremos do período inferior ó da suma das catro deputacións, e é a única cunha traxectoria descontinua con

Ingresos Totais por habitante



diminucións do seu volume de ingresos no ano 2000, no que o seu orzamento diminuíu nun 5,6% e no 2003.

Ó comparar os orzamentos de ingresos das catro deputacións provinciais engadindo a variable da poboación, vese que a media de Galicia pasou dos 125,55 euros por habitante en 1999 ós 169,23 en 2004, observándose de xeito destacado que as traxectorias dos resultados nas deputacións están repartidas en dous pares: a parella Lugo e Ourense, con resultados desde o inicio por encima dos 150 euros por habitante ata chegar preto dos 300 euros per cápita; e máis a parella constituída polas deputacións da Coruña e Pontevedra, as máis poboadas nas que as súas cifras de

Total de ingresos en termos per cápita non superaron en ningún ano do período a cifra de 150 euros.

Máis concretamente, na Deputación de Lugo rexistráronse os valores máis altos desta variable en todos os anos entre 1999 e 2004, ambos os dous incluídos, excepto no ano 2000 ano no que o resultado dos ingresos per cápita no orzamento de Ourense foi superior. No outro extremo, en termos per cápita, atópase o outro par de traxectorias, das que a de Pontevedra foi a que presentou para todos os anos o valor máis baixo das catro.

2.2. GASTOS DE PERSOAL

Esta variable presenta unha senda de crecemento continuada ó longo do período para a suma das catro deputacións cun crecemento total porcentual no período do 43,3%, e cunha taxa de incremento interanual do 7,5%, incremento superior ó do total do orzamento, acadando a cifra de 104.032.938 euros en 2004, observándose que é unha das variables orzamentarias que en termos absolutos presentan menor diferenza entre unhas deputacións e outras.

Os gastos de persoal nos orzamentos das catro deputacións creceron de forma continuada sen atopar ningunha diminución interanual. Estes gastos creceron en maior proporción na Deputación de Pontevedra, cun incremento total do 61,2% e unha taxa interanual de 10%. No outro caso está o resultado manifestado pola evolución no período dos orzamentos en gastos de persoal da Deputación de Lugo que foi a que manifestou maior contención deste gasto cun crecemento global de 34,5% e cunha taxa de incremento interanual do 6,1%.

Cadro nº 17


GASTOS DE PERSOAL

Miles de euros

	1999	2000	2001	2002	2003	2004
A Coruña	21.190,5	23.280,1	24.153,3	25.960,6	28.889,5	29.719,5
Lugo	17.803,6	18.491,0	19.928,1	21.785,0	22.719,0	23.944,6
Ourense	15.622,7	17.175,6	18.683,8	19.668,9	20.083,6	21.370,5
Pontevedra	17.987,6	19.707,1	21.184,3	22.775,0	24.918,3	28.998,4
Galicia	72.604,4	78.653,8	83.949,4	90.189,5	96.610,4	104.032,9

	1999	2000	2001	2002	2003	2004
A Coruña	19,15	21,04	21,79	23,43	25,98	26,5
Lugo	48,41	50,28	54,51	59,83	62,80	66,4
Ourense	45,39	49,90	54,12	57,07	58,42	62,4
Pontevedra	19,85	21,74	23,21	24,86	27,09	31,3
Galicia	26,65	28,87	30,73	33,00	35,29	155,4

En termos per cápita tamén obsérvanse as traxectorias como no Total de ingresos separadas en dous pares, dunha banda as de Lugo e Ourense e doutra as da Coruña e Pontevedra, reflectindo neste caso máis distancia entre os resultados en termos per cápita xa que as primeiras que parten duns valores preto dos 50 euros por habitante e chegan ata os 66 euros por habitante, están moi por encima dos resultados en gastos



de persoal per cápita nas provincias da Coruña e Pontevedra que parten de 19 euros e soben ata os 31 no caso de Pontevedra.

A Deputación de Lugo, ademais, presenta valores superiores ás outras deputacións en todos os anos do período, chegando a ser a súa cifra máis do dobre cá da Coruña a de menor importe en termos de euros por habitante en todos os anos desta análise, 1999-2004.

2.3. *INVESTIMENTOS.*

Este agregado de gastos resultado da suma dos capítulos VI, Investimentos reais e do VII, Transferencias de capital, reflicte un incremento global entre os extremos do período do 26% para o total das catro deputacións, menor ó crecemento do total do orzamento, esta traxectoria dos investimentos á alza presentou dous puntos de discontinuidade, xa que en 2000 e 2003, este agregado de gastos experimentou un descenso interanual debido, nos dous casos, á Deputación da Coruña, aínda que en 2003 tamén a de Pontevedra reflicte unha diminución interanual, e a de Ourense en 2004.

A evolución de cada deputación presenta rasgos singulares: a de Ourense que é a de menor importe dos investimentos en valores absolutos nos anos obxecto da análise, debido á súa peculiar forma de presentar os orzamentos iniciais sen consignar as transferencias de capital a recibir no exercicio ata o exercicio de 2003, é a que presenta o maior crecemento desta variable case triplicando a cifra de 2004 á que figuraba no orzamento de 1999. Os incrementos nesta provincia foron de 151,6% entre os anos extremos do período e do 20,3% de taxa de incremento interanual.

Os orzamentos da corporación provincial de Pontevedra presentaron un estimable crecemento da súa cifra de investimentos desde 1999 pasando de 36,8 millóns de euros a 63 millóns de euros en 2004 o que representa un crecemento entre estes anos de 71%, cunha taxa de incremento de 11,3%, mostrando unha senda crecente continuada en todos os anos excepto o descenso interanual de 2003, sendo o ano 2001 o de maior crecemento interanual cun 39,8% de porcentaxe.


INVESTIMENTOS

Miles de euros

	1999	2000	2001	2002	2003	2004
A Coruña	74.338,4	56.980,3	65.009,0	76.220,2	67.088,4	67.206,1
Lugo	28.529,7	28.797,5	30.133,2	34.966,8	40.377,1	36.774,5
Ourense	7.163,3	13.272,9	10.601,6	11.970,4	18.178,3	18.026,1
Pontevedra	36.820,4	39.321,8	54.970,5	58.225,9	55.002,7	62.971,3
Galicia	146.851,9	138.372,5	160.714,3	181.383,3	180.646,5	184.977,8

	1999	2000	2001	2002	2003	2004
A Coruña	67,2	51,5	58,7	68,8	60,3	60,0
Lugo	77,6	78,3	82,4	96,0	111,6	102,0
Ourense	20,8	38,6	30,7	34,7	52,9	52,7
Pontevedra	40,6	43,4	60,2	63,6	59,8	67,9
Galicia	53,9	50,8	58,8	66,4	66,0	67,2

A Deputación da Coruña foi a única que reflectiu un descenso desta variable entre os anos 1999 e 2004, aínda que seguen a presentar os valores máis altos desta variable en todos os anos deste período; a súa diminución foi de 9,6% e a taxa negativa foi do 2% interanual, reflectindo unha traxectoria descontinua con altibaixos, xa que este agregado intermedio de gastos descende en 2000 nun 23,4% respecto ó ano anterior, volvendo a experimentar crecementos en 2001 e 2002 ata reflectir outra vez en 2003 unha diminución, neste caso do 12%.



En termos per cápita, como se reflicte no gráfico, vense traxectorias descontinuas que se corresponden ás sendas xa explicadas, aínda que ó ter en conta a variable poboación o dato máis relevante foi a superioridade do valor de investimentos per cápita resultantes dos orzamentos da Deputación de Lugo en todos os anos do período, con diferenza apreciable respecto ós valores das outras deputacións. Noutro extremo están os valores de Ourense que tamén en termos per cápita son inferiores ós das outras deputacións. A media de Galicia variou dos 53,9 euros por habitante de 1999 a 67,2 euros por habitante de 2004.

2.4. CARGA FINANCEIRA

A carga financeira que soportan as deputacións provinciais derivada da débeda, isto é, os xuros e comisións máis as anualidades das amortizacións dos préstamos recibidos para o financiamento dos investimentos presenta unha evolución favorable para o total das catro deputacións xa que se reflicte unha diminución global entre os anos extremos do período do 33%, aínda que manifesta un reponte da carga financeira en 2003, resultando unha taxa negativa interanual do 7,7%.

Este descenso da carga financeira manifestouse de xeito xeneralizado, cunhas porcentaxes de descenso entre os anos extremos do período moi fortes en Lugo e Pontevedra (82,7% e 69,9%, respectivamente), ten como excepción o resultado experimentado no orzamento da Coruña que presentou un incremento porcentual de carga financeira de 43,2% entre 1999 e 2004 e unha taxa de crecemento interanual de 7,5%.

Obsérvase, ademais, unha gran variabilidade tanto nas traxectorias como nos valores entre as deputacións como se plasma en 2004, onde a carga financeira en Lugo non chega ó millón de euros mentres que na Coruña o valor é de 11,4 millóns de euros.


Cadro nº 19

CARGA FINANCEIRA

Miles de euros

	1999	2000	2001	2002	2003	2004
A Coruña	7.933,8	9.297,1	12.988,7	10.137,2	12.121,2	11.364,4
Lugo	5.170,2	4.983,4	5.504,1	2.119,7	1.185,0	892,9
Ourense	6.356,1	6.319,3	4.070,6	3.942,7	4.526,0	5.590,5
Pontevedra	13.030,0	11.822,5	3.372,4	2.854,6	11.640,5	3.921,1
Galicia	32.490,0	32.422,3	25.935,8	19.054,2	29.472,7	21.769,0

	1999	2000	2001	2002	2003	2004
A Coruña	7,2	8,4	11,7	9,1	10,9	10,1
Lugo	14,1	13,6	15,2	5,8	3,3	2,5
Ourense	18,5	18,4	11,8	11,4	13,2	16,3
Pontevedra	14,4	13,0	3,7	3,1	12,7	4,2
Galicia	11,9	11,9	9,5	7,0	10,8	29,0



Como se reflicte no gráfico de carga financeira por habitante as traxectorias son dunha gran variabilidade, xa que as traxectorias entremézclanse en repetidos momentos do

período temporal analizado, ofrecendo neste caso uns valores superiores en gran parte do período os de Ourense, presentando noutro extremo, inferior, os valores menores de carga financeira por habitante as deputacións de Lugo e Pontevedra, desde 2002.

Como media de Galicia se presenta unha traxectoria tamén descontinua, aínda que neste caso con crecemento entre os anos extremos do período, xa que pasa de 11,9 euros por habitante en 1999 a 29 euros por habitante en 2004.

2.5. AFORRO NETO.

O aforro neto, a diferenza entre operacións correntes de ingresos e gastos e amortizacións de préstamos, experimentou para o total das catro deputacións unha evolución positiva ó incrementarse entre os extremos do período aínda que de xeito moderado, nun 7,6% e cunha taxa interanual do 1,5%, manifestando unha traxectoria descontinua xa que cae no ano 2000, experimentando este resultado novos aumentos en 2001 e 2002 ata chegar a 2003 cunha diminución do 5,2%, e volvendo a descender en 2004 para o orzamento teórico suma das catro deputacións.

A evolución da variable aforro neto nos orzamentos de cada deputación reflicte rasgos singulares: nas deputacións de Lugo e Ourense experimentáronse diminucións da súa cifra de aforro neto, con taxas e descenso totais importantes: descenso global de 90,5% e taxa de descenso interanual de 37,6% en Lugo e 40,5% e 9,9% respectivamente en Ourense. O aforro neto, pola contra, experimentou unha evolución positiva nas outras dúas deputacións. Na Coruña o crecemento entre 1999 e 2004 foi de 16,7% cunha taxa de incremento interanual de 3,1%, mentres que en Pontevedra os incrementos foron máis intensos, cunha porcentaxe de diferenza entre 1999 e 2004 de 76% e cunha taxa interanual de 12%.


Cadro nº 20

AFORRO NETO

Miles de euros

	1999	2000	2001	2002	2003	2004
A Coruña	42.501,2	38.002,1	45.964,9	52.692,7	47.317,5	49.595,9
Lugo	18.221,5	19.270,6	18.054,8	22.774,1	25.209,2	1.728,5
Ourense	7.166,9	4.255,9	4.589,6	4.756,4	4.885,4	4.261,5
Pontevedra	25.492,3	27.832,3	42.662,7	46.000,4	42.205,5	44.871,1
Galicia	93.381,8	89.360,9	111.272,0	126.223,6	119.617,6	100.456,9

	1999	2000	2001	2002	2003	2004
A Coruña	38,4	34,3	41,3	47,6	42,6	44,2
Lugo	49,5	52,4	49,9	62,5	69,7	4,8
Ourense	20,8	12,4	13,4	13,8	14,2	12,5
Pontevedra	28,1	30,7	46,4	50,2	45,9	48,4
Galicia	34,3	32,8	40,6	46,2	43,7	61,5



En termos per cápita, da comparación entre deputacións destaca que a de Lugo foi a que mostrou o maior importe de aforro neto nos primeiros anos deste período e paradoxalmente experimentou unha caída forte da súa cifra de aforro neto por habitante en 2004, polo que se reitera o trazo de atípico deste primeiro orzamento

consolidado que presentou esta deputación incluíndo a sociedade urbanística provincial. Os valores resultantes en termos de euros per cápita nas deputacións da Coruña e Pontevedra están próximos entre si sendo os únicos que crecen e son superiores en 2004 ós das outras dúas deputacións. Os resultados obtidos de aforro neto por habitante en Ourense son os menores, estando tamén por debaixo da media de Galicia

2.6. INGRESOS TRIBUTARIOS

Os ingresos dos capítulos I e III, impostos directos (recargo provincial do IAE) e as taxas e prezos públicos principalmente, que foron os que en maior medida rexistraron as consecuencias da diminución ou exención do IAE pola entrada en vigor da nova lexislación das facendas locais, reflectiron para o total do orzamento das deputacións un lixeiro aumento entre 1999 e 2004 (primeiro ano coa nova lexislación), aínda que haberá que comprobar esta traxectoria a partir de agora, este crecemento foi de 4,9% e cunha taxa de 1%.

Cadro nº 21

INGRESOS TRIBUTARIOS

Miles de euros

	1999	2000	2001	2002	2003	2004
A Coruña	12.078,6	12.112,5	12.420,8	13.031,8	11.700,4	9.197,4
Lugo	7.264,3	8.256,0	9.352,4	10.828,3	10.895,6	10.361,1
Ourense	3.414,7	3.679,1	3.783,4	3.804,5	3.903,8	1.517,8
Pontevedra	7.980,9	8.408,0	8.865,5	9.738,3	11.086,6	11.165,8
Galicia	30.738,4	32.455,6	34.422,1	37.402,9	37.586,5	32.242,1


	1999	2000	2001	2002	2003	2004
A Coruña	10,9	10,9	11,2	11,8	10,5	8,2
Lugo	19,8	22,5	25,6	29,7	30,1	28,7
Ourense	9,9	10,7	11,0	11,0	11,4	4,4
Pontevedra	8,8	9,3	9,7	10,6	12,1	12,0
Galicia	11,3	11,9	12,6	13,7	13,7	11,7

Na actualidade, xa nos orzamentos de dúas deputacións, obsérvanse diminucións destes ingresos de natureza tributaria entre 1999 e 2004: Ourense e A Coruña.

A Deputación de Ourense é a que reflicte o maior descenso xa que reflicte o 55,5% porcentual global, experimentado case exclusivamente en 2004 e cunha taxa resultante, aínda que nesta variable non resulta significativa de 15%; as diminucións porcentuais no caso da Deputación da Coruña son de 23,9% e 5,3% interanual.

Nos orzamentos das deputacións de Lugo e Pontevedra rexístranse aínda crecementos: 42,6% en Lugo entre os anos extremos do período e 7,4% interanual, sendo en Pontevedra 39,9% e 6,9% respectivamente.

Este informe incluírá, a partir da anualidade 2005, a análise da traxectoria das transferencias correntes para complementar o estudo dos ingresos, e para observar a complementariedade entre a redución dos ingresos tributarios e as transferencias.



En termos per cápita é a Deputación de Lugo a que presenta os maiores importes de ingresos tributarios en todos os anos obxecto da análise cunha clara superioridade sobre as outras, verificándose así mesmo que o resultado de ingresos tributarios en termos per cápita nos orzamentos desta deputación foron os únicos que superaron á media de Galicia, separándose amplamente a súa liña de ingresos tributarios das reflectidas nas outras deputacións, como se reflicte claramente no gráfico adxunto.